



BASES

“Xoga en galego”

Certame de creación de xogos de mesa en galego para público infantil e familiar.

1. OBXECTIVOS

- 1.1. Dinamizar o uso da lingua galega entre o colectivo infantil, xuvenil e familiar en contextos educativos e sociais diversos.
- 1.2. Potenciar a creación lúdica colectiva.
- 1.3. Impulsar procesos e actividades de dinamización lingüística relacionados directamente co xogo para colectivo infantil, xuvenil e familiar en contextos e tempos de lecer dun xeito participativo.

Concíbese como unha ferramenta para a dinamización lingüística, ao tempo que se propician procesos e mecanismos de participación e creatividade colectiva cuxos resultados se compartirán co resto da cidadanía, creando sinerxias sociais moi positivas.

2. QUEN PODE PARTICIPAR?

Poden participar todas as persoas e/ou grupos que así o desexen, baixo a aceptación e cumprimento das presentes BASES.

Establécense dúas categorías:

- 2.1. Participación individual ou de grupo informal (grupo de amizades, familia).
- 2.2. Participación de grupo formal (asociacións, escolas, colectivos formalmente organizados).

Cada persoa ou grupo pode presentar tantos xogos como queira. O mesmo xogo só se poderá presentar nunha categoría.

3. COMO PARTICIPAR? SOLICITUDE E PRAZOS

3.1. A solicitude de inscrición no concurso e a documentación requirida (ver punto 3.3.) enviaranse antes das **23h59 horas do 20 de maio de 2022** ao correo electrónico info@xandobela.info. No mesmo e-mail deberá de se indicar unha ligazón de Velaquí, WeTransfer, Dropbox ou un servizo equivalente desde o que se poida descargar o ficheiro ZIP co material do xogo (ver punto 5.). A dispoñibilidade de descarga nestes repositorios ten que estar garantida como mínimo durante 7 días.

3.2. A organización enviará un acuse de recibo ao correo electrónico indicado na solicitude.

3.3. A **documentación requirida** é:

3.3.1 Participación individual:

- 3.3.1.1. As persoas que desexen participar a título individual deberán cubrir e asinar unha [MEMORIA EXPLICATIVA DO XOGO](#) e unha [AUTORIZACIÓN](#).



3.3.1.2. No caso da participación individual de menores de idade, a [MEMORIA EXPLICATIVA DO XOGO](#) deberá estar asinada pola nai/pai ou titor/a legal e acompañada tamén dunha [AUTORIZACIÓN PARENTAL](#).

3.3.2. Participación grupal, formal ou informal:

3.3.2.1. No caso de participación grupal, a persoa acordada asinará a [MEMORIA EXPLICATIVA DO XOGO](#) en representación do grupo. Cada membro do grupo deberá asinar a súa correspondente [AUTORIZACIÓN](#).

3.3.2.2. No caso de participación grupal con menores de idade, a persoa adulta acordada asinará a [MEMORIA EXPLICATIVA DO XOGO](#) en representación do grupo. Cada membro do grupo deberá asinar a súa correspondente [AUTORIZACIÓN](#), asinada pola persoa representante legal no caso de menores de idade.

3.3.3. A documentación requirida terá que se entregar asinada electronicamente. No seu defecto, admitiranse documentos orixinais escaneados.

4. COMO DEBEN SER OS XOGOS?

4.1. Os xogos e todos os seus compoñentes deberán estar escritos en galego.

4.2. A temática será libre.

4.3. Valorarase que sexan xogos que coiden e respecten valores culturais e sociais positivos.

4.4. Os xogos estarán pensados especialmente para público familiar, xuvenil e infantil.

4.5. Os xogos deberán ser orixinais e non copias nin totais nin parciais ou apropiacións de terceiros. Os xogos que non cumpran ditos requisitos quedarán fóra do concurso.

4.6. Admitirase calquera tipo de xogo de mesa presentado nun formato que poida ser creado ou impreso de forma doméstica (ver punto 5.).

5. REQUERIMENTOS TÉCNICOS: ENTREGA DO XOGO

5.1. A entrega será nun ficheiro comprimido en formato ZIP chamado «nome_do_xogo-autoria.zip» (só caracteres alfanuméricos; sen espazos, nin til, nin parénteses, nin letras como ñ ou ç, etc; por exemplo: «xogo_de_exemplo-xandobela.pdf») que conterá os seguintes elementos:

5.1.1. **Dúas fotografías** diferentes do xogo listo para xogar ou en acción onde non se vexan claras as caras das persoas. Estas imaxes poderán ser usadas no sitio web de www.somosxogo.gal para promover o teu xogo, polo que se deberá coidar que sexan atractivas e que non haxa elementos inadecuados ou fóra de contexto.



5.1.2. O PDF que conteña a [MEMORIA EXPLICATIVA DO XOGO](#).

5.1.3. Outro PDF titulado «**REGRAS.PDF**» onde se indique a forma de xogar, etc. Este é o manual do xogo propiamente dito, e a peza fundamental. Aquí debe estar toda a información necesaria para xogar.

5.1.4. Unha carpeta titulada «**IMPRIMIR**» que conterá todo o material do xogo listo para ser impreso nunha impresora doméstica, isto é:

- **Formato PDF.**
- Tamaño de **páxina A4.**
- Todo o material terá que ter **resolución** mínima de 150 DPI/PPP. Recoméndase 300 DPI, ou usar gráficos vectoriais se é posible.
- Se o xogo ten elementos fisicamente maiores que o A4 (como pode ser un taboleiro ou mapa) deberán de se presentar divididos en pezas que poidan ser impresas en varios A4 e despois combinadas.
- Recoméndase incluír unha versión destes elementos >A4 sen segmentar, nunha soa peza do tamaño definitivo, para que sirva como referencia ou para que se poida levar a unha imprenta profesional. En todo caso, este ficheiro será sempre complementario do anteriormente indicado.
- Debe presentarse no **mínimo número de ficheiros posible**¹.

5.1.5. Opcionalmente, e se procede, unha carpeta titulada «**EDITAR**» que conterá as versións editables dos ficheiros indicados anteriormente, se estes foron creados con algún *software* (Inkscape, Scribus, LibreOffice, etc). O propósito desta carpeta é que outras persoas poidan reciclar o material do xogo segundo os termos da licenza (ver punto 6.1.2. e seguintes).

6. DEREITOS E RESPONSABILIDADES. REQUERIMENTOS LEGAIS.

6.1. Os xogos enviados deberán obrigatoriamente incluír no ficheiro REGRAS.PDF (ver 5.1.3.) un apartado coa seguinte información:

6.1.1. **Nome e apelidos** da persoa ou persoas autoras dos mesmos e **ano de creación**.

6.1.2. A continuación, os seguintes textos (exención de responsabilidade e licenza), literais salvo adaptación ortográfica:

Exención de responsabilidade:

As persoas e/ou entidades anteriormente indicadas son as únicas responsables dos contidos gráficos e textuais deste xogo, asumindo a responsabilidade das posibles vulneracións de dereitos de imaxes, protección de datos, honor e intimidade ou calquera outro dereito propiedade dun terceiro

¹ Por exemplo, un xogo podería conter: un ficheiro de varias páxinas A4 para imprimir o taboleiro e despois montalo, outro dunha soa páxina contendo todas as fichas pequenas que deberán ser recortadas, outro con varias páxinas onde cada unha delas contén varias cartas que tamén terán que ser cortadas, etc. Debe evitarse o envío dun ficheiro separado para cada carta ou ficha, por exemplo.



que poida ser vulnerado cos contidos gráficos e textuais dos xogos presentados. Antaxurada SL e a Deputación da Coruña quedan indemnes de calquera responsabilidade que se desprenda destas posibles vulneracións.

Licenza:

Este xogo e todo o seu material asociado está distribuído baixo a licenza Atribución-Compartir igual 4.0 Internacional (CC BY-SA 4.0). Isto significa que:

Es libre de copiar e redistribuír o material en calquera medio ou formato, así como de remesturar, transformar e recrear sobre este material para calquera propósito, incluso comercialmente, sempre que:

1. respectes o dereito de autoría indicando o nome da persoa, persoas ou entidades creadoras. Se fixeches mudanzas sobre o material orixinal debes indicalo explicitamente, e adicionar o teu nome como autora da presente versión.

2. se distribúes este material ou calquera material derivado del, debes facelo baixo os termos desta mesma licenza para que outras persoas poidan gozar dos mesmos dereitos que ti.

Este é un resumo coloquial dos termos legais da licenza, que podes consultar íntegra en <https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.gl>

6.2. Opcionalmente recomendamos incluír tamén datos de contacto (un e-mail, páxina web, redes sociais) das autoras.

6.3. O xogo e todo o material (imaxes, fotos) enviado ao concurso está suxeito á licenza Atribución-Compartir igual 4.0 Internacional (CC BY-SA 4.0), para que se poida distribuír na rede. Enviar o material a concurso implica aceptar e explicitar esta licenza para todo o material enviado, e declarar que tes o dereito de o facer así.

7. RESOLUCIÓN E PREMIO.

7.1. Na páxina web www.somosxogo.gal publicaranse todos os xogos que concorran ao concurso, para o libre uso e goce. Deste xeito, disporase dun repositorio de xogos descargables e imprimibles en galego, para seren xogados por calquera persoa.

7.2. Un xurado designado por Xandobela encargárase de seleccionar o mellor xogo por cada categoría conforme os seguintes criterios:

7.2.1. Calidade, coidado da lingua e dos valores culturais que se promoven.

7.2.2. Creatividade e orixinalidade do xogo tanto das súas mecánicas como da súa temática e narrativa.

7.2.3. Calidade gráfica e artística dos compoñentes do xogo.

7.2.4. Xogabilidade e adaptabilidade a diferentes tipos de públicos e contextos.

7.2.5. Claridade e concisión na redacción do regulamento do xogo.



SOMOSXOGO.GAL

7.3. Os xogos gañadores comunicaranse o día 10 de xuño de 2022 na páxina web www.somosxogo.gal e nas redes sociais.

7.4. Establécense os seguintes premios:

7.4.1. Participación individual ou de grupo informal (grupo de amizades, familia): 1 bolsa por un valor de 100 € para adquirir os xogos que libremente se escollan entre os dispoñibles nas tendas que se lles indicarán.

7.4.2. Participación de grupo formal (asociacións, escolas, colectivos formalmente organizados): 1 bolsa por un valor de 100 € para adquirir os xogos que libremente se escollan entre os dispoñibles nas tendas que se lles indicarán, e unha sesión de xogos populares na data a convir.

8. CONDICIÓNS FINAIS

8.1. A organización do concurso resérvase o dereito de non aceptar aqueles xogos que considere ofensivos, violentos ou denigrantes ou que non cumpran os requisitos especificados nestas bases.

8.2. A participación no concurso significa a completa e automática aceptación destas bases e da decisión do xurado, que será inapelable.

Co apoio:



**CONCELLO
DE VIGO**




**VIGO
EN GALEGO**